BASES DO CONCURSO DE PODCAST DO SAMAÍN.

1. O concurso está **aberto a toda a comunidade educativa** do CIFP A Farixa e do CIFP de Vilamarín (alumnado, profesorado e persoal non docente).

2. Os relatos deberán ser **orixinais e inéditos**. Estarán gravados **en galego** e terán unha **duración máxima de 3 minutos**. A temática estará relacionada coas **lendas de Samaín e da Noite de Defuntos**.

3. Os recursos de audio empregados respectarán os dereitos de autor e/ou empregaranse recursos de **licenza aberta**. Podes atopar recursos de audio de licenza aberta en plataformas como a Biblioteca de audio de **YouTube, Jamendo, Free Music Archive, Freesound e SoundCloud.**

4. Os relatos presentaranse en **formato mp3, wma ou wav.**

5. Deberá indicarse claramente o **nome e os apelidos, o ciclo, o curso e o centro educativo** do autor ou autora do relato.

6. As gravacións **enviaranse ao correo do EDLG do centro ao que pertence** a persoa participante.

    - CIFP A Farixa: dinamizafarixa@farixa.es
    - CIFP de Vilamarín: edlg.cifp.vilamarin@edu.xunta.gal

7. A data límite para enviar os relatos será o **venres, 30 de outubro de 2026.**

8. O EDLG de cada centro enviará os relatos ao outro centro, valorando a corrección e riqueza lingüística, a relación coa temática de Samaín e Defuntos, a calidade da gravación e a creatividade, e **eliminando aqueles podcast que non foran gravados en galego**.

9. Establecerase un procedemento de **votación pública**, aberto a toda a comunidade educativa, a través dun formulario en liña. **Cada centro escollerá o relato gañador do outro centro**.

10. O proceso de votación pecharase o 6 de novembro ás 23:59 horas.

11. As persoas gañadoras recibirán como premio un **vale de 30 euros** que lles será concedido polo seu propio centro.

Os equipos de dinamización da lingua galega do CIFP A Farixa e do CIFP de Vilamarín.